

RESOLUCIÓN REITORAL DO 2 DE MARZO DE 2020 POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS DE APTITUDE PARA O ACCESO AO GRAO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO

O ingreso no Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte está subordinado ao Real decreto 412/2014, do 6 de xuño, que, no seu artigo 10, permite a realización de avaliacións específicas de competencias. Quen desexe acceder a esa titulación na Universidade de Vigo ademais de solicitar a admisión (preinscrición) a través dos procedementos telemáticos que estableza a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), terá que superar as probas específicas de aptitude salvo que, estea acreditada ou acreditado como deportista de alto nivel ou de alto rendemento polo Consello Superior de Deportes ou polo organismo competente da Comunidade Autónoma.

Por todo isto e en virtude das facultades que lle outorga os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro (DOG do 22 de febreiro de 2019),

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Ditar o procedemento de realización das probas de avaliación específicas das aptitudes e habilidades para o acceso ao Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte suxeito ás seguintes normas:

PRIMEIRA. Publicación da información relativa ás probas de aptitude

A Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte publicará na súa páxina web cada curso académico, dende o mes que comece o prazo de inscrición para a participación, un regulamento específico que establecerá, entre outros aspectos xerais e xenéricos, a presentación de solicitudes, o calendario de realización das probas, os importes dos dereitos de exame e as datas de publicación das listaxes e de reclamacións.

SEGUNDA. Adaptacións para persoas con discapacidade

Co fin de garantir que as persoas que teñan algún tipo de discapacidade poidan realizar as probas nas debidas condicións de igualdade, a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte realizará as adaptacións específicas para quen o indique expresamente na solicitude. Así mesmo, o tribunal poderá modificar os protocolos e os baremos das probas específicas, tendo en conta as características teórico-prácticas dos estudos e a posible adaptación destes nos casos que puidesen presentarse.

TERCEIRA. Pagamento dos dereitos de exame

O importe do prezo público para a realización da proba física será o establecido para "Probas de acceso á universidade" no Decreto da Consellería competente no que se fixan cada curso académico os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema universitario de Galicia. Este pagamento permitirá presentarse ás convocatorias que teñan lugar segundo o calendario establecido polo centro.

Ademais deberá aboar o seguro de accidentes que o centro estableza en cada convocatoria.

Serán de aplicación as exencións establecidas no devandito Decreto e a axuda do fondo de acción social para o persoal da UVIGO regulada por Resolución Reitoral cada curso académico de acordo co procedemento establecido na correspondente norma.

Non se devolverá ningunha cantidade, salvo por causas de forza maior mediante escrito presentado na secretaría do centro e dirixido á Sección de xestión de prezos públicos, acompañado da documentación xustificativa. Para a tramitación da devolución será de aplicación a normativa aplicable ao procedemento de devolución de prezos públicos.



CUARTA. Listaxes de persoas admitidas e excluídas, dos resultados e comunicación á CiUG

A Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte publicará as listaxes provisionais e as definitivas no seu enderezo web (<http://fcced.uvigo.es>) no apartado de "acceso e admisión" do Grao.

As reclamacións ás listaxes provisionais presentaranse perante o Decanato da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

As reclamacións ás listaxes definitivas darán lugar á formulación dos recursos recollidos na Lei 39/2015.

O centro remitirá á CiUG, á maior brevidade posible, as listaxes definitivas de persoas aptas.

QUINTA. Validez dos resultados das probas de aptitude obtidos en calquera facultade do sistema universitario español na pasada e presente convocatoria

As persoas cualificadas como aptas nas probas de aptitude na convocatoria no ano natural inmediatamente anterior ao do curso académico no que se pretende solicitar praza, non están obrigadas a inscribirse e realizar as probas de aptitude nesta xa que a cualificación gárdase para o curso académico seguinte, sen prexuízo de cumprir co que dispón a CiUG para o acceso á universidade e de realizar a preinscripción a través dos procedementos telemáticos establecidos.

As probas que se superen no mesmo curso académico en calquera facultade do sistema universitario español serán válidas, sempre e cando se superen antes da apertura dos prazos que establece a CiUG para o acceso a centros con límite de prazas (<http://ciug.gal>).

SEXTA. Resolución das reclamacións

Todas as resolucións que se diten en aplicación deste procedemento deléganse no órgano de dirección da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, facendo constar nelas este carácter.

SÉTIMA. Tratamento e publicación de datos persoais

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPDP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos facilitados na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de admisión e matrícula e amparados pola Lei Orgánica 6/2011, de 21 de decembro.

O estudantado autoriza á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza deste procedemento. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Mediante o cumprimento do formulario de recollida de datos persoais, a persoa interesada consente expresamente o citado tratamento aos efectos de cumprir coa descrita finalidade do mesmo e terá o dereito a retirar o devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.



Universidade de Vigo

O estudantado da UVigo está obrigado a facilitar estes datos en virtude do especificado nos parágrafos anteriores e, en caso de non facelo, as consecuencias serán a non admisión ou matrícula.

O estudantado da UVigo ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderanse exercer mediante solicitude dirixida ao reitor e presentada ante o rexistro da UVigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderase dirixir dita solicitude directamente Ana Garriga Domínguez; Facultade de Dereito; Campus Universitario As Lagoas s/n; 32004- Ourense Teléfono: 988 368 834. Enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, a persoa interesada ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

OITAVA. Normas finais

Esta resolución estará publicada na páxina web da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (<http://fceded.uvigo.es>).

Facúltase á Secretaría Xeral para ditar as instrucións que faciliten a interpretación das normas polas que se rexe este procedemento.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-administrativa (BOE 14/07/1998).

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE 02/10/2015).

NOVENA. Entrada en vigor

Este procedemento entrará en vigor e terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación.

O REITOR,



Manuel Joaquín Reigosa Roger

Firmado digitalmente por
36023985M MANUEL
JOAQUIN REIGOSA (R:
Q8650002B)
Fecha: 2020.03.02 11:03:28
+01'00'

DILIXENCIA para facer constar que este documento foi publicado no taboleiro de anuncios do Rexistro Xeral da Universidade de Vigo con data 2 de marzo de 2020

A Xefa de Negociado de Secretaría Xeral
Marta González

(asinado dixitalmente)

